

Lalínkincero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

BEGOÑA BLANCO BLANCO (1 para 1)

CONCELLEIRA

Data de Sinatura: 10/06/2020

HASH: 352a59eb57ae4c48c52d6c0f551d76e



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A BANDA DE MÚSICA DE LALÍN E O CONCELLO DE LALÍN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E GASTOS DE FUNCIONAMENTO.-

REUNIDOS:

- Dunha banda, D^a. Begoña Blanco Blanco, con DNI.: 44089922-A, actuando en nome e representación do **Concello de Lalín** en calidade de Concelleira Delegada de Cultura, Turismo, Parques e Xardíns e Igualdade, de acordo coas atribucións que ten delegadas da Alcaldía por decreto de data 25 de xuño de 2019 (BOP nº 129 de 8 de xullo),

-E doutra, D./D^a. Alejandro Piñeiro Rodriguez, con DNI.:76824450B en calidade de Presidente/a da **BANDA DE MÚSICA DE Lalín**, con CIF.: G-36041515, e domicilio social na rúa do Polideportivo s/n 36500 Lalín (Pontevedra); que actúa no nome e en representación da devandita asociación, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, vixentes a día de hoxe.

EXPOÑEN:


Que o Concello de Lalín, ao abeiro das competencias que lle outorga a normativa vixente, segundo o artigo 25.2.m da lei 7/1985, de 2 de abril. Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que indica que "o Concello ten competencias propias en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais" e, atendendo ao interese da actividade do que é obxecto o presente convenio, dotou a aplicación 2020.0334.489 do Orzamento municipal para o exercicio en curso, cunha subvención nominativa á Banda de Música de Lalín por importe de 47.300 € para colaborar economicamente cos gastos nos que incorre a Banda e a súa Escola de Música no desenvolvemento das súas actividades e no seu funcionamento.

A tal fin, as partes asinan o presente Convenio de Colaboración segundo as seguintes,

CLÁUSULAS:



Cod. Validación: 3ZCPHEFK57ML3TMD69QTXCLD | Corrección: https://lalin.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7



Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

PRIMEIRA.- O obxecto do presente Convenio é regular as bases de colaboración entre o Concello de Lalín e a Banda de Música de Lalín para colaborar economicamente cos gastos nos que incorre a Banda e a súa Escola de Música no desenvolvemento das súas actividades e no seu funcionamento.

SEGUNDA.- As obrigas xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións están establecidas en:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do orzamento do Concello de Lalín para o ano 2019, prorrogado para 2020.


TERCEIRA.- Son gastos subvencionables aqueles nos que incorra a Banda durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2020, polos seguintes conceptos:

- Gastos de persoal do director e do profesorado (salario e gastos de seguridade Social)
- Desprazamentos con motivo do desenvolvemento da súa actividade (alugueiro de vehículos).
- Alugueiro e reparación de instrumentos.
- Gastos de vestiario.
- Organización de campamentos, cursos, seminarios e/ou outras actividades de carácter formativo ou cultural, sempre que por eles a entidade non perciba contraprestación económica pola súa participación neles.
- Gastos de publicidade.

CUARTA.- Así mesmo, a través do presente convenio as partes comprométense a desenvolver un programa de actuacións conxuntas, que consistirán en:



Cod. Validación: 3ZCPHEFK57M.L3TMDG69QTXCLD | Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 7



Lalín km cero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

- **Cinco concertos anuais** no noso concello (Concerto do Cocido, Concerto na rúa no verán, Concerto de Santa Cecilia, Concerto das festas de Lalín, de mañá e de tarde, e Concerto de Fin de Ano).

- **Dúas procesións** (Sagrado Corazón de Jesús e Semana Santa)

No caso de non poder celebrarse algunha destas actividades, poderán substituírse por outras previamente consensuado entre ambas partes.

QUINTA.- A Banda de música de Lalín **obrigase** a:

a) O cumprimento de xeito gratuíto para o Concello de Lalín das actuacións recollidas na Cláusula Cuarta.

b) Facer constar en todo tipo de **publicidade e información** que se realice no desenvolvemento da súa actividade a participación e **colaboración do Concello de Lalín**.

c) Facilitar toda a información que lle sexa requirida dende o Concello de Lalín e/ou polo Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.

SEXTA.- En virtude deste convenio o **Concello de Lalín aportará unha subvención nominativa de 47.300 €** para colaborar nos gastos indicados na Cláusula Terceira.

SÉTIMA.- O Concello poderá **anticipar ata un máximo do 50% da subvención nominativa (23.650 €)** para facer fronte aos gastos de persoal e dirección, previa solicitude da Banda de Lalín na que deberá xustificar a insuficiencia de liquidez e realizar unha estimación dos gastos, de acordo co disposto na Base 27 de execución do Orzamento do Concello de Lalín para o ano 2019 prorrogado para 2020.

OITAVA.- A Banda de música de Lalín deberá aportar a seguinte documentación ós efectos da súa **xustificación antes do 30 de novembro de 2020**:

1.- Unha memoria da totalidade das actividades subvencionadas realizadas durante o período subvencionable.

2.- Orzamento detallado de ingresos e gastos das actividades subvencionadas.



Cod. Validación: 3ZCPHEFK57ML3TMD069QTXCLD | Corrección: https://lalin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 7

3.- Conta xustificativa dos gastos subvencionables nas que se recollerá a relación de facturas con identificación de acredor, CIF, número da factura, data de expedición, importe e data de pagamento.

4.- Facturas orixinais (con tódolos requisitos esixidos polo R.D 1619/ 2012 de 30 de novembro) ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total do gasto subvencionable, ao abeiro do establecido no artigo 30.3) da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu Regulamento).

- Deberán ser orixinais, expedidos pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello, non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamparase nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: "En cumprimento da Lei 38/03 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención de colaboración nas actividades da Banda de Música de Lalín.

- Asumirase o compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos.

- A factura deberá vir especificada en moeda local e recoller a data de emisión da factura.

- Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se, a criterio do Concello o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá vir acompañado de nota explicativa da que se deduza unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.

- Conterá os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).

- Conterá os datos identificativos do destinatario que deberá ser a entidade subvencionada (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).

- Incluirá unha descrición detallada e prezo unitario da operación e o seu custe total, importe pagado e moeda. Deberá detallarse o IVE correspondente ou imposto equivalente para o seu caso, que estea en vigor no país de emisión da factura. Cando a cota se repercute dentro do prezo deberá indicarse "IVE incluído".



Cod. Validación: 3ZCPHEFK57M13TMD069QTXCLD | Corrección: https://lalin.sedelectronica.gal
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 7

5.- Xustificantes de pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil utilizados para a xustificación. Só se admitirán os pagos realizados mediante transferencia bancaria ou cheque, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia ou pago por cheque.

◦ No caso de pagos por importe igual ou inferior a 200 euros admitirase o pago en metálico sempre e cando se faga constar na factura o selo do proveedor, a dilixencia de factura pagada e o nome, DNI e sinatura da persoa que dilixencie o cobro da mesma e, no caso do pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón.

◦ No caso de que ás facturas se lles aplique retención de IRPF deberán aportar ademais Modelo 111 de retencións e ingresos a conta.

◦ No caso de pagos en metálico, corresponde ó Concello comprobar a xustificación dese medio de pago que se fará constar en informe xustificativo no que se acredite que o pago mediante transferencia ou cheque suporía unha carga desproporcionada para o beneficiario tendo en conta a finalidade da subvención e a natureza do gasto. Atenderase para facer ese informe de forma prioritaria á contía do pago. De non xustificarse ese pago en metálico, entenderase non xustificada esa contía do gasto.

6.- Aos efectos da xustificación dos gastos de persoal deberán aportar as nóminas acompañadas das transferencias bancarias do pago das mesmas, xunto cos recibos de liquidación de cotizacións da Seguridade Social (TC1) e a relación nominal de traballadores (TC2).

7.- No caso de que a subvención se destine a financiar unha subministración ou servizo de máis de 15.000,00 € sen IVE, teranse que achegar tres orzamentos, agás as excepcións do artigo 31.3 da LXS (non será preciso solicitar tres orzamentos se para o gasto, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren ou, salvo que o gasto se realizara con anterioridade á concesión da subvención).

8.- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de particulares ou de entidades privadas tanto aprobadas como pendentes de resolución.

9.- Designación de conta bancaria na que se efectuará o ingreso da subvención.



10.- Certificación de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia. Así mesmo comprobarase que se atopa ao corrente cos obrigas co Concello de Lalín.

11.- Declaración xurada expedida polo/a Presidente/a relativa ó desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida.

12.- Mostras da publicidade realiza nas que figure o logo do Concello de Lalín como entidade colaboradora.

NOVENA.- O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo o importe a que ascende a subvención nominativa ou, no seu caso, a suma total das subvencións obtidas para as mesmas actividades. De non xustificarse o total do importe concedido, o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.

DÉCIMA.- Co fin de asegurar un adecuado control e seguimento do obxecto, actuacións, contido e execución do presente Convenio, poderá constituírse unha Comisión de Seguimento con funcións para a interpretación e coordinación das obrigacións e dereitos derivados da subscripción do mesmo, previo informe favorable da Intervención e a Secretaría municipal. Dita Comisión, estará integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA.- A Banda de Música de Lalín quedará sometida ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Orzamentaria.

DÉCIMO TERCEIRA.- Para os supostos non previstos neste convenio, serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2019, prorrogadas no 2020, na Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións e no seu regulamento e, na Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.



DÉCIMO CUARTA.- As cuestións litixiosas xurídicas da aplicación do presente convenio non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso Administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

DÉCIMO SEXTA.- O presente convenio poderá ser modificado por acordo das partes.

DÉCIMO SÉTIMA.- O período de vixencia deste convenio será dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Lido polas partes e coma proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano por triplicado exemplar, en,

Lalín a 17 de maio de 2020

Polo Concello de Lalín
A Concelleira de Cultura
Dña. Begoña Blanco Blanco



Pola Banda de música de Lalín
O Presidente
D. Alejandro Piñeiro Rodriguez

